

PLAN DE DESENVOLVEMENTO  
EUROPEO  
2018-2020

I.E.S. de Rodeira

Cangas

## **1. INTRODUCCIÓN.**

A sociedade actual, inmersa en procesos de mundialización e plenamente integrada no marco da Unión Europea, demanda un maior coñecemento sociocultural que inclúa non só unha competencia lingüística en linguas estranxeiras, mais recoñecer a fortaleza da diversidade cultural que representa a humanidade.

Entendemos a formación como un proceso permanente apoiado na cooperación, o intercambio de ideas e a creación de tecidos e redes alén do local para desenvolver as competencias e o potencial humano de todos os membros da comunidade educativa.

Dentro do mundo globalizado, a Unión Europea é unha construción innovadora que artella un marco de paz, estabilidade e defensa dos dereitos humanos nun mundo no que estes valores deben ser protexidos, potenciados e postos en valor, polo que o fío condutor deste plan é a procura da calidade e o desenvolvemento educativo, a inclusión da dimensión europea na vida do centro, a nosa internacionalización e o enriquecemento do noso sentido de comunidade a través do coñecemento de novas realidades e culturas.

## **2. CONTEXTO DA INSTITUCIÓN.**

O IES de Rodeira é un centro de titularidade pública situado na localidade de Cangas (Pontevedra, Galiza). O centro conta cun cadro de persoal estábel de arredor de 100 empregados e ofrece, en horario de mañá e/ou vespertino, as seguintes ensinanzas: ESO, Bacharelato, Ciclos Formativos (FPB, GM, GS, a distancia), Ensino para Adultos (ESA), cursos de alfabetización, obradoiros a adultos para a aprendizaxe permanente, cursos formativos para parados (AFD) e Aula Mentor. Ademais, funciona como unha sección da Escola Oficial de Idiomas de Vigo para a comarca do Morrazo.

Ofrece aos seus 1.100 alumnos unha ampla gama de materias optativas. É un centro dinámico que se organiza con sinerxias de traballo entre pares (seminarios, grupos de traballo, formación no centro...) arredor de temáticas heteroxéneas: dinamización da biblioteca escolar, mediación entre iguais, aprendizaxe cooperativa, actualización de coñecementos TIC, dinamización da lingua galega, espírito emprendedor...

Durante os últimos anos, o IES de Rodeira ten desenvolvido numerosas **actividades** no ámbito dos programas internacionais e europeos. En concreto, podemos destacar:

- A. Porfolio Europeo das Linguas (PEL): entre 2008 e 2016, 9 docentes pertencentes aos departamentos das 4 linguas, TIC, orientación e a sección bilingüe de música en inglés, puxeron en marcha e desenvolveron a implementación voluntaria do PEL para secundaria e o bacharelato. Destinada ao alumnado de todos os niveis da ESO, Bacharelato, Ciclos Formativos e varios talleres de adultos, o grupo consensuou proxectos conxuntos plurilingües que abordaron aspectos multiculturais e lingüísticos vinculados coa Identidade Europea.
- B. Proxecto Piloto para a mellora da competencia comunicativa (OAPÉE, Madrid), 2009.
- C. Sección bilingüe de inglés na materia de música, 2011, paralizada temporalmente no curso 2018-19.
- D. Carta ECHE 2014-2020 para a mobilidade de alumnado de ciclos, 2014.
- E. Eufolio, Eu Portfolios na Aula (2014-15) coa finalidade de promover a integración das TIC no ensino e no aprendizaxe nos sistemas educativos.
- F. KA2 Entels, “Teachers CPD: Qualified TEachers = Successful Learners?”, (2015-16) para investigar, deseñar e avaliar formas creativas para introducir as TIC nos centros educativos e para mellorar as competencias dos docentes.
- G. KA102, dentro do consorcio da Diputación de Pontevedra, desde o ano 2016, enviando a 3 alumnos de grao medio a prácticas remuneradas en Portugal durante un total de 36 meses (1 no 2017, 2 no 2018 e 1 xa confirmada no 2019).
- H. KA103, para o período 2017-2019, con dúas bolsas de mobilidades para prácticas do alumnado de ensino superior que se agarda cubrilas no primeiro trimestre do 2019.
- I. KA3 ATS2020, “Assessment of Transversal Skills (2016-17), coa participación de 11 países e 17 institucións.
- J. KA101, “Vinculándonos con Europa: camiños innovadores para mellorar as competencias do alumnado”, con 12 mobilidades de persoal, a desenvolver nos cursos 2018-19 e 2019-20. As áreas de traballo se engloban no uso de dispositivos móbiles, na mellora da xestión e organización escolar e na potenciación do programa de Centro Saudábel.

### **3. PROFESORADO COLABORADOR.**

Nestes anos o desenvolvemento dos programas europeos tivo un grupo de docentes implicados no seu labor, sen que houbera unha institucionalización orgánica dun departamento *ad hoc* e actuando como unha coordinación entre compañeiros. Durante estes anos participaron até unha ducia de docentes, coordinados por Sonia Novoa (profesora de informática) e polas xefaturas de linguas estranxeiras (Teresa Comesaña e Carmen Soto).

Desde o curso 2017-18, a coordinación de programas europeos lévase polo profesor Sérgio Nunes (do departamento de Formación e Orientación Laboral), coa colaboración das anteriores compañeiras.

Para o ano académico 2018-19, comézanse a dar os pasos para a constitución dun Departamento de Programas Europeos, coa incorporación de dúas profesoras con asignación horaria, quedando como sigue:

- Sérgio Nunes Garcia (FOL), coordinador, 2 horas.
- Pilar Mariño Montero (Administrativo), encargada do consorcio coa Deputación de Pontevedra KA102, 1 hora.
- M<sup>a</sup> Rosa González Barreras (Administrativo), encargada de difusión e impacto, 1 hora.

Ademais as compañeiras Sonia Novoa e Carmen Soto siguen colaborando activamente coa Coordinación de Programas Europeos, sen asignación horaria.

### **4. NECESIDADES DO IES DE RODEIRA E OBXECTIVOS FIXADOS.**

A decisión do IES de Rodeira de participar en proxectos europeos baséase na necesidade de desenvolvemento de competencias en áreas chave do centro para que no período 2014/2020 se consigan resultados na modernización da escola e introdución de novas metodoloxías, mellora das competencias en linguas non maternas, perfeccionamento das competencias de xestión e administración escolar e combater o fracaso escolar e o abandono temperá.

Froito da experiencia dos últimos anos, detectamos que a Coordinación de Programas Europeos necesita un grupo máis amplo de persoal implicado para consolidar as súas funcións e fortalecer as nosas principais áreas de mellora co obxectivo de lograr desenvolver as competencias anteriores. A implementación de accións Erasmus+ como o KA101 significarían un impulso definitivo a dita consolidación ao implicar dunha forma

activa a un maior número de docentes nos programas europeos. Neste sentido, destacamos as nosas necesidades de mellora en dúas áreas básicas:

**Área de mellora 1. Internacionalizar o centro**, que se concreta nos seguintes obxectivos:

- 1.1. Dotar dunha visión internacional e europea aos proxectos que xa están sendo desenvolvidos actualmente no centro, particularmente o programa de sección bilingües, desenvolvemento e implementación de TIC e Centro Activo e Saudábel, de forma que se observe unha actuación transversal das accións Erasmus+.
- 1.2. Compartir con outros centros educativos de Europa un conxunto de boas prácticas, experiencias e procesos de calidade, potenciando o traballo local e mediante redes de traballo (eTwinning).
- 1.3. Consolidar contactos en países nos que vimos desenvolvendo outras accións europeas (Portugal) e lograr novos naqueles que queremos ampliar a nosa acción (Irlanda, Franza, Italia).
- 1.4. Mellorar as competencias lingüísticas de linguas non maternas da comunidade educativa.
- 1.5. Tomar conciencia por parte de docentes, equipo directivo, alumnado e familias da dimensión europea e os seus beneficios e oportunidades para a formación, o desenvolvemento persoal e a capacitación profesional.
- 1.6. Incrementar o número de alumnado que participa das accións de mobilidade para a formación profesional (Grao medio) e de educación superior (Grao Superior).
- 1.7. Extender as mobilidades de formación profesional ao ciclo básico (FPB) e máis ao curso para desempregados AFD (Accións Formativas para Desempregados).
- 1.8. Iniciar os contactos para realizar posíbeis intercambios escolares, dentro da liña KA2 ou non, que permitan a mobilidade de alumnado de secundaria e/ou bacharelato.
- 1.9. Consolidar un equipo de persoal do centro con funcións e responsabilidades claras na área de Programas Europeos.

**Área de mellora 2. Mellorar os aspectos organizativos, pedagóxicos e de xestión do centro** que logren impactos nos seguintes obxectivos:

- 2.1. Ampliar as competencias da comunidade educativa coa alfabetización mediática, as novas tecnoloxías e a implementación de novos procesos de ensino-aprendizaxe con metodoloxías activas.

- 2.2. Establecer e/ou fortalecer grupos de traballo e de formación no centro en metodoloxías didácticas, programas internacionais e novas tecnoloxías.
- 2.3. Desenvolver novas metodoloxías relacionadas coa actividade física e deportiva, ademais de implementar novos procesos que melloren os hábitos saudábeis do alumnado e a comunidade educativa en xeral.
- 2.4. Consolidar a sección bilingüe do centro, mellorando as competencias dos docentes para poder estar en disposición de implementar novas liñas noutras materias ou etapas educativas.
- 2.5. Coñecer outras realidades e experiencias de organización e administración escolar que permitan implementar boas prácticas para mellorar o funcionamento do centro.

## 5. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS.

A mellora competencial do persoal é unha condición imprescindible para lograr unha maior e máis efectiva internacionalización do centro escolar, un maior aproveitamento dos cursos de formación en Europa, potenciar os programas xa desenvolvidos no centro nas accións KA1 e eTwinning e aumentar a motivación do alumnado e de toda a comunidade educativa para a aprendizaxe de linguas estranxeiras, a adquisición dunha perspectiva europea e a concienciación dos beneficios e a importancia de posuír unha cidadanía europea común.

As actividades relacionadas cos programas europeos que se consideran para este período 2018-2020, englobanse nas seguintes:

### 1. Educación Escolar (Secundaria).

Executaremos o programa KA101 de mobilidade para docentes, executando o programa aprobado para o período 2018-2020, “Vinculándonos con Europa: camiños innovadores para mellorar as competencias do alumnado”. Esperamos que ao finalizar este proxecto, nos encontremos en disposición de explorar a posibilidade de candidatar nos na liña KA2 (asociacións estratéxicas) con outros centros docentes da Europa.

### 2. Formación Profesional.

Consideramos esta área como unha **acción prioritaria** para o período 2018-2020, razón pola que se incrementa o persoal responsábel da mesma, esperando que se integre no Departamento de Programas Europeos un responsábel de cada Departamento Didáctico con docencia nos ciclos de grao medio (Xestión Administrativa e Instalacións de Telecomunicacións). Agardamos complementar o Consorcio da Deputación, mediante a aprobación dun programa KA102 para o IES de Rodeira. Paralelamente, consideramos prioritario ofrecer desde o propio centro

aulas en linguas estranxeiras que complementen o currículo do alumnado, mellorando as súas competencias lingüísticas para a futura mobilidade de prácticas profesionais na Europa.

Tamén é fundamental estender esta acción aos ciclos de formación profesional básica, permitindo dar un maior valor ás súas ensinanzas.

### **3. Educación Superior (Grao Superior)**

Esperamos continuar coa liña xa dispoñíbel (KA103) consolidando contactos en Irlanda e Portugal cos que poder ofrecer realizar as prácticas FCT para o alumnado de ciclos superiores.

### **4. Educación para Adultos**

Agardamos explorar as posibilidades de conseguir un programa de mobilidade para docentes (KA104) que incentive ao profesorado de adultos a participar na internacionalización do centro de cara a un futuro proxecto de asociación estratéxica a partir do 2020.

## **6. RESULTADOS E IMPACTOS ESPERADOS.**

En relación ao **persoal do centro**, as mobilidades e plans de acción europeos deberían permitir que o mesmo adquira:

- Novos enfoques metodolóxicos vinculados coas competencias chave.
- Adquisición de competencias en novos soportes electrónicos, aplicacións didácticas e o uso de redes sociais con fins educativos.
- Interaccións que permitan reciclar ou mellorar a competencia lingüística do noso persoal nas linguas estranxeiras que se ofrecen no centro (inglés e francés) e coas que temos vinculacións a través do galego e polas mobilidades de alumnado (portugués).
- Creación e consolidación dun repositorio de contactos con vistas a futuras colaboracións europeas para creación de asociacións estratéxicas (KA2).
- Potenciar a rede eTwinning entre o persoal do centro.
- Mellora da xestión docente en relación á administración electrónica, dixitalización e modernización dos procesos implicados.
- Dotar dunha imaxe corporativa propia do Departamento de Programas Europeos do IES de Rodeira, facilmente identificábel e recoñecíbel.

En relación ao **alumnado** e o **resto da comunidade educativa**, agardamos lograr:

- Reducir o abandono escolar temperá e o fracaso escolar no centro.

- Mellorar o nivel de cualificación, logrando un maior atractivo para as ensinanzas de Formación Profesional Básica e Grao Medio mediante o acceso a prácticas formativas remuneradas ao finalizar a titulación.
- Mellorar as competencias lingüísticas do alumnado en linguas non maternas.
- Aumentar a motivación e implicación do alumnado mediante a implementación de novas metodoloxías co uso de dispositivos móbiles.
- Perfeccionar a comunicación entre toda a comunidade educativa en procesos de xestión e organización escolar.
- Aumentar as competencias dixitais das familias do noso alumnado.
- Fomentar hábitos saudábeis e unha vida máis activa no noso alumnado, en particular, e na comunidade educativa en xeral.
- Axudar a potenciar a futura inserción laboral do alumnado con maiores dificultades, especialmente no ámbito da Formación Profesional (AFD, FPB e GM).
- Potenciar os obradoiros de adultos mediante o establecemento de cursos de formación nas áreas obxecto de mobilidade de profesorado.
- Maior recoñecemento das políticas europeas, da nosa pertenza ao espazo común europeo e da conciencia dunha cidadanía europea.

En resumo, desde o IES de Rodeira agardamos que os programas europeos axuden a mellorar o atractivo do noso centro para as familias e o alumnado á hora de escolarizarse nas ensinanzas que ofrecemos, particularmente nas relativas aos ciclos formativos (básico, medio, superior), ademais de que sirvan para potenciar a futura inserción laboral.

## **7. INCLUSIÓN NO CENTRO DAS COMPETENCIAS E EXPERIENCIAS ADQUIRIDAS.**

### **A. Impacto nos participantes e no centro educativo.**

Agárdase que a combinación dos nosos proxectos teñan un impacto positivo tanto no persoal participante nas accións como no conxunto do centro, mais especialmente na comunidade educativa e no alumnado.

A través da cooperación con outros países, lograremos coñecer e adquirir novos métodos, habilidades, coñecementos e actitudes, así como un elemento fundamental do ensino: o gran impacto que ten na formación humana e persoal, superando barreiras, reforzando valores como o sentimento europeísta, a integración, a cooperación, a flexibilidade, a tolerancia, a iniciativa persoal, o espírito emprendedor ou a importancia da aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Todo isto debería producir un impacto significativo na mellora da percepción dos profesionais e do cidadáns sobre as semellanzas e diferenzas entres os países



européas, ao tempo que impactaría na dimensión europea do centro educativo mediante a creación de redes de colaboración con outros centros e empresas europeas.

**B. Impacto a nivel local, rexional, nacional e internacional.**

A nivel local o desenvolvemento do plan suporá a consolidación da internacionalización do centro para convertelo nun instituto de referencia no concello de Cangas. A nivel comarcal a nosa participación en charlas, xornadas ou actividades de Orientación Profesional abertas á comunidade educativa implicará a referencia ás nosas actividades.

A mellora nas nosas accións tamén implicará un beneficio no consorcio de formación profesional no que xa participamos, colaborando a incrementar a calidade das súas accións.

As nosas familias e alumnado poderán beneficiarse dunha proxección europea do centro, aumentando a súa percepción de cidadanía Europea e contribuír, desde o coñecemento adquirido pola súa institución, ao recoñecemento da diversidade europea e a importancia da mesma, a través da colaboración e as mobilidades realizadas nos países de acollemento das nosas accións.

**C. Impacto en función do tempo:**

a. A curto prazo:

- Mellora da competencia lingüística, cultura, social e cidadá do persoal e do alumnado implicado.
- Maior fluidez e seguridade do manexo da lingua, na súa función instrumental e como vinculadora de contidos non lingüísticos para profesorado e alumnado participante.
- Emprego activo de referencias culturais.
- Visibilización e publicidade da experiencia e materiais elaborados a través da prensa local, web do centro, redes sociais e exposicións de carácter local ou comarcal.
- Mellora da calidade do ensino e do interese do alumnado.
- Consolidación do equipo de Programas Europeos, implicando a máis profesorado cun carácter transversal.

b. A medio e longo prazo:

- Respecto polos elementos comúns e diferenciadores para un maior coñecemento intelectual e dimensión europea.
- Incremento do Personal Learning Environment (PLM) do persoal docente.
- Ampliación de coñecementos con dispositivos móbiles e tecnoloxías sociais, con especial énfase na seguridade na rede, ciberbullying e ciberacoso no conxunto do centro.

- Aplicación na aula do experimentado incidindo nun traballo cooperativo virtual de dimensión europea.
- Enriquecemento global do centro escolar a través da experiencia compartida polos docentes.
- Desenvolvemento de eventuais socios europeos.
- Exploración de proxectos de cooperación europeos.
- Constitución dun Departamento de Programas Europeos con obxectivos, persoal e recursos específicos.
- Adaptar a oferta pedagóxica do centro á súa internacionalización.

## 8. DIFUSIÓN DOS PROGRAMAS EUROPEOS.

Todos os programas que se realicen dentro dos programas europeos contarán coa máxima difusión posíbel entre a comunidade educativa ao obxecto de lograr que o coñecemento adquirido poida ser diseminado entre alumnado, docentes, persoal non docente e familias. Sen sermos exhaustivos, as actividades que se realizarán neste período de vixencia do plan de desenvolvemento europeo serán:

1. Dirixido ao **persoal do centro**:
  - 1.1. Informarase trimestralmente ao Claustro e CCP das novidades e evolución dos programas europeos no centro.
  - 1.2. Presentarase unha memoria final de actividades no Claustro e no Consello Escolar que resuma as principais accións e impactos dos programas europeos no centro.
  - 1.3. Celebraranse charlas, reunións informativas e outras semellantes de forma periódica entre o persoal do centro para difundir os resultados do programa.
  - 1.4. O persoal participante das mobilidades participará, na medida das súas posibilidades, nas actividades anteriores, difundindo as súas experiencias.
  - 1.5. Estableceranse grupos de traballo e de formación sobre internacionalización do centro.
  - 1.6. Incorporarase a dimensión europea nos grupos de traballo existentes, mediante a participación de profesorado nas mobilidades e accións europeas.
  - 1.7. Realizaranse actividades de *job-shadowing* por parte de profesorado do centro que realice as mobilidades para observar novos métodos pedagóxicos adquiridos.
2. Dirixido a **toda a comunidade educativa** do centro:
  - 2.1. Disporase dun taboleiro de anuncios propio, visíbel na entrada do centro no que publicar toda a información relativa aos programas europeos.
  - 2.2. Actualizarase a páxina web, incluíndo nela toda a información relativa.
  - 2.3. Publicaranse na web do centro todas as novas de actualidade.



- 2.4. Organización de obradoiros para adultos coas temáticas vinculadas aos programas europeos.
- 2.5. Creación de perfís propios nas redes sociais (ou integradas noutra xeral do centro) que recollan as accións realizadas no programa Erasmus+.
- 2.6. Promocionar o centro e as actuacións europeas nos medios de comunicación locais e rexionais.